



ACTIVIDADES

Así se divertían os nosos avós

O COLEXIO MANUEL SUEIRO recibiu o obradoiro de xogos populares da Deputación con toda a súa diversión

Do mesmo xeito que as novas tecnoloxías van tendo unha presenza cada vez máis forte nas aulas de tódolos colexios, tan importante é que os máis novos coñezan como eran os tempos anteriores ós que a eles lles tocou vivir. Entre tanta pantalla, segue habendo formas de diversión que sobreviven ó paso dos anos, capaces de conquistar e sacar un sorriso a grandes e pequenos.

Son os chamados xogos populares, eses que encheron de ledicia a infancia dos nosos avós e que hoxe, o obradoiro especializado da Deputación de Ourense, leva por tódolos colexios da provincia. A ra, a chave, a billarda... Son algunhas das actividades que, nesta ocasión, levaron os educadores ata o colexio Manuel Sueiro da cidade. Coa proximidade do Entroido de fondo, os alumnos -e tamén algún profesor- animáronse a probar a súa destreza con estes xogos.

Aínda que algúns xa oíran falar deles, sobre todo de boca dos seus familiares de maior idade, poucos probaran antes estes pasatempos, ós que moi pronto lle colleron o truco. A ra é un dos que causa maior sensación entre o alumnado, que durante

A billarda, a chave ou a ra foron algunhas das actividades

un momento mira cara as diversións do pasado mentres continúa a súa formación.



A billarda "é máis difícil do que parece", dicían os alumnos.



Xogar á chave require forza



Dous paus son suficientes para pasar horas de diversión.

MÁIS NA WEB
Video do Manuel Sueiro con algún dos xogos en laregion.es



À billarda xogaron por parellas.

MOMENTOS DA XORNADA



En fila para poñer a proba a puntería no xogo da ra, que é sempre un dos que máis sensación causa nos obradoiros de xogos populares que oferta a Deputación de Ourense nos colexios da provincia que o soliciten.



Os alumnos do Manuel Sueiro, moi emocionados polas actividades.



O educador, Lito Prado, amosoulles formas de diversión moi sinxelas. Un exemplo foi este pulso que botaron cos seus dedos e que animou moito ós alumnos e profesores.



O obradoiro de xogos populares coincidiu cos mandados do Meco do Entroido.



O obradoiro de xogos populares leva varios anos percorrendo os centros educativos da provincia para transmitirles ós máis novos un legado etnográfico que continúa sendo un éxito entre o alumnado.